

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(XXXVII)

Carlos Casares: homenaxe



De amicitia

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(XXXVII)

Carlos Casares: homenaxe

De amicitia

Edición de
Luís Cochón
Luís Alonso Girgado
Laura Piñeiro Pais

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(Cadernos galegos de pensamento e cultura)

Director:

Armando Requeixo Cuba

Consello asesor:

Luís Alonso Girgado
Xosé Luís Cochón Touriño
Xesús Ferro Ruibal
Anxo González Fernández
Ramón López Vázquez
Segundo Pérez López
Manuel Quintáns Suárez
Anxo Tarrío Varela
Andrés Torres Queiruga

Edita:

Xunta de Galicia
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretario Xeral de Política Lingüística:

Valentín García Gómez

Coordinador científico:

Manuel González González

Directora Técnica de Literatura:

Blanca-Ana Roig Rechou

© Copyright dos textos: os autores

© Ilustracións e fotografías da cuberta e interiores: Ex libris de Carlos Casares, na cuberta, óleo de Virxilio; no interior, dous debuxos a cor, sobre papel, de Xaime Quessada; “Carlos Casares”, de Felipe Criado; “Paisaxe con libros”, óleo/lenzo, “Citera abandonada”, óleo/tea, de Xosé Luis de Dios, Ramón Loureiro, Fundación Carlos Casares, Concello de Ourense e Arquivo da Editorial Galaxia

Maquetación e impresión:

Grafisant, S.L.

ISBN: 978-84-453-5258-8

Depósito legal: C 711-2017

Índice

Luís COCHÓN: Limiar	11
ARTIGOS	23
ANA ACUÑA: Carlos Casares e a Pontevedra literaria.....	25
XESÚS ALONSO MONTERO: Carlos Casares, contertulio	31
XOSÉ LUIS AXEITOS: Carlos Casares na Academia	37
ANTÓN BAAMONDE: Carlos Casares como figura moral	41
CARMEN BECERRA SUÁREZ: A mestría no contar: <i>Ilustrísima</i>	49
DARÍO XOHÁN CABANA: Ó redor d' <i>Os escuros soños de Clío</i>	63
HÉCTOR CAJARAVILLE: Os primeiros artigos xornalísticos de Carlos Casares (<i>La Región</i> , 1968-1974)	67
XOSÉ CARLOS CANEIRO: Os xogos de Casares	81
FRANCISCO XAVIER CARRO ROSENDE: <i>O galo de Antioquía</i> : unha parábola alegórica	83
LUISA CASTRO LEGAZPI: Casares e Epicuro.....	97
RAFAEL CHACÓN: Carlos Casares: poesía esquecida	103
ALFREDO CONDE: O pai de Christian	119
JUAN CRUZ RUIZ: O desacougante fio da navalla (VERÓNICA POUSADA PARDO, trad.).....	123
CÉSAR CUNQUEIRO: Notas dunha lectura (e relectura) de Carlos Casares	127
XOSÉ MANUEL DASILVA: A proxección internacional da obra de Carlos Casares	133
CAETANO DÍAZ: O político menos político de todos os políticos (Retrato coral, quizais, da influencia política de Carlos Casares nas institucións)	139
FRANCISCO DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA: Carlos Casares e a física cuántica (Unha conferencia no Liceo Recreo de Ourense)	147
XOSÉ RAMÓN FANDIÑO VEIGA: Carlos Casares en Compostela.....	155
CARLOS FERNÁNDEZ: Carlos Casares, a cultura secularizada	161

XESÚS FERRO RUIBAL: Casares, o retratista retratado.....	165
JUAN IGNACIO FONSECA MORETÓN: Lembranza dunha persoa singular: Carlos Casares Mouriño.....	177
MANUEL FORCADELA: Nova Narrativa Galega e capital simbólico na obra de Carlos Casares.....	185
XOSÉ LUÍS FRANCO GRANDE: Altos e baixos na miña relación persoal con Carlos Casares	197
MANUEL GAGO: Carlos Casares e as tecnoloxías da información	203
JOSÉ ÁNGEL GARCÍA LÓPEZ: Carlos Casares, biógrafo de Ramón Piñeiro	209
MARÍA PILAR GARCÍA NEGRO: 17 máis 17: 34 anos da Lei de normalización lingüística.....	219
MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ: Unha nova Lei de normalización lingüística para Galicia?	235
MODESTO HERMIDA: Carlos Casares: da miña acordanza.....	249
BIEITO IGLESIAS: Cambio en dous Casares	255
EMILIO XOSÉ ÍNSUA: A propósito de <i>Os escuros soños de Clío</i> de Carlos Casares: poñer en cuestión o H maiúsculo da Historia	259
MANUEL JANEIRO: Entre libros	275
ARCADIO LÓPEZ-CASANOVA: Carlos Casares, poeta.....	279
MARINA MAYORAL: Casares. Tres apuntamentos.....	295
HENRIQUE MONTEAGUDO: A miña relación con Carlos Casares. De Galaxia a Martín Sarmiento.....	305
CAMIÑO NOIA: Encontros e reencontros.....	317
FLORENTINO PÉREZ GARCÍA: “Cita de fantasmas”. <i>Fantastique</i> e xogo literario nunha columna de Carlos Casares	327
LAURA PIÑEIRO PAIS: A superación do trágico n’ <i>Os mortos daquel verán</i>	335
XOSÉ ANTONIO PONTE FAR: Carlos Casares e Torrente Ballester.....	353
XESÚS RÁBADE PAREDES: Tradutor de Casares.....	359

MARIO REGUEIRA: Contra o vento ou baixo o sol. A narrativa de Carlos Casares nos camiños do campo literario galego de posguerra	363
MANUEL RODRÍGUEZ ÁLVAREZ: Algúns retallos en lembranza de Carlos Casares	375
REXINA RODRÍGUEZ VEGA: A utopía de Verines.....	379
BLANCA-ANA ROIG RECHOU e MAR FERNÁNDEZ VÁZQUEZ: Carlos Casares, un clásico contemporáneo da LIX galega.....	391
XOSÉ MANUEL SOUTULLO: Lembranza do editor.....	407
ANXO TARRÍO VARELA: <i>O sol do verán</i> como peche da narrativa de Carlos Casares	415
XESÚS MANUEL VALCÁRCCEL: O observador externo-interno en “Á marxe”	425
AFONSO VÁZQUEZ-MONXARDÍN FERNÁNDEZ: Carlos Casares, Ourense e un roteiro	437
DAMIÁN VILLALAÍN: Casares e as teorías literarias	455
RAMÓN VILLARES: Carlos Casares e o Consello da Cultura Galega .	465
LUÍS ALONSO GIRGADO: Epistolario cruzado Carlos Casares ~ Ramón Piñeiro (1963-1978)	469

Contra o vento ou baixo o sol.
A narrativa de Carlos Casares nos camiños
do campo literario galego de posguerra

MARIO REGUEIRA

A clasificación de Carlos Casares dentro do que se deu en chamar a Nova Narrativa galega é tan frecuente na historiografía literaria (Forcadela, 1993: 10; Noia Campos, 1992: 133; Salinas Portugal, 1988: 31) como problemática. Por unha banda resulta un aspecto que contribúe a dar unha diversidade complexa a unha etiqueta creada cun fondo lexitimador de tomas de posición político-editoriais, e que foi reforzándose e persistindo como tal na medida na que o propio campo literario galego precisou das súas propias ferramentas de auto-validación. Ao mesmo tempo, e aínda que ningunha das figuras autorais implicadas na Nova Narrativa mantivo unha coherencia absoluta de obra co pretendido movemento¹, poucas delas proclamarían tampouco a súa vontade de exención deste, ou un marcado escepticismo, como si fixo o autor ourensán en varias ocasións (Tarrío, 2003: 19-21). Unha calidade que, entre outras, permite marcar un antes e un despois na obra de Casares, a miúdo delimitando unha primeira fase experimental que remataría coa publicación, en 1975, de *Xoguetes para un tempo prohibido*. Esta forma de presentar a evolución do autor supón moitas veces unha oposición tácita entre esta fase inicial e unha traxectoria que inicia unha canonización paralela á paulatina actividade do autor no campo editorial, concretamente na Editorial Galaxia, así como unha evolución ideolóxica que o afastaría da primeira liña do marxismo anti-franquista para aliñarse nunha sorte de social-democracia non moi afastada de certos postulados do propio proxecto cultural do galeguismo.

Con esta achega pretendemos, non tanto impugnar totalmente esta visión, como puntualizar, matizar e ofrecer unha análise concisa do papel do Casares narrador no contexto do campo literario galego, atendendo moi particularmente a esa fase inicial que coincide coa propia conformación deste durante a posguerra. Consideramos que unha parte do papel do autor dentro da narrativa galega futura depende da forma na que xestionou o seu

¹ A única excepción, por comprensíbeis circunstancias biográficas, sería a obra de Xohán Casal, coutada pola súa temperá morte en 1960.

proxecto literario durante os primeiros anos, particularmente na escolla de influencias e na forma de actuar ante os proxectos colectivos que estaban en xogo, tanto os que representaban as propostas literarias da nova xeración de figuras autorais como ao corpus ideolóxico do proxecto de Galaxia, identificado cunha certa oficialidade. O papel que estas escollas teñen para o autor deberían ser lidas á luz dos conceptos bourdieanos de autonomía individual e autonomía do campo (Bourdieu, 1995). O segundo deles, máis na liña do definido por Antón Figuerola (2001; 2010; 2015: 150-151) en función da súa dependencia dun subcampo de produción ideolóxico

A relación de Casares coa cultura galega disidente é temperá e axiña pasa a formar parte do arco representativo desta. Antes da súa chegada a Compostela, o autor xa trataba en Ourense a Vicente Risco ou Ramón Otero Pedrayo, relacións construídas en ocasión ao amparo dunha incipiente carreira literaria e que sen dúbida fortaleceron a súa carta de presentación ante o galeguismo cultural que rodeaba a Ramón Piñeiro, mesmo naqueles casos nos que non se identificaban completamente co seu programa. Chegado a Compostela, a inicios dos anos sesenta, o autor entra axiña en contacto, a través do seu compañeiro de pensión Arcadio López-Casanova, co propio Piñeiro.

Desta forma, a historia de Casares narrador ten un longo prólogo no que destacan, entre outras cousas, a súa aparición como poeta no primeiro número da revista *Grial* en 1963, aquela que retomaba, esta vez legalmente, o ritmo da publicación (García-Bodaño *et al.*, 1963). A aparición de Casares, xunto a Salvador García-Bodaño, Xohana Torres e Arcadio López-Casanova en “Poemas a Rosalía” ten unha intención claramente protocanonizadora, xuntando novos valores literarios próximos a Galaxia nunha homenaxe á principal figura do panteón galeguista. Non é o único exemplo do papel central que o autor ten para a editora, como proba a súa propia sorpresa en 1964 ao ser reclamado para representar a Galiza nun encontro literario en Cataluña, por diante de autores con obra editada e ao lado de figuras consagradas como Celso Emilio Ferreiro ou Xosé Luís Méndez Ferrín (Casares, 1998: 11).

O debut editorial de Carlos Casares como narrador no ano 1967 vén precedido á súa vez pola aparición de catro relatos curtos no número 7 da revista *Grial*, no ano 1965, concretamente “Cando cheguen as chuvias”,

“Agarda longa ao sol”, “Monólogo” e “Didiante do retrato”. Destas pezas só a última non formará parte da primeira edición de *Vento ferido* e por estilo anuncian algúns dos elementos xa presentes nas obras da Nova Narrativa que o precederan. Entre eles a superación da terceira persoa para optar polo fluír de conciencia e elementos de aparencia exótica, como nomes estranxeiros ou produtos da técnica contemporánea asociados á cultura urbana.

Alí onde o núcleo de Galaxia mantivera un forte enfrontamento coas novas propostas literarias, erguendo un modelo baseado na imaxinación de Álvaro Cunqueiro e o relato rural de Ánxel Fole, e identificando as novas tendencias coa deshumanización e os valores alleos á cultura galega², parece haber o recoñecemento ao dereito á existencia dunha forma nova de narrar. Para entender esta mudanza, é necesario situar tres feitos relevantes que preceden ou rodean a aparición da primeira obra narrativa de Carlos Casares.

En primeiro lugar a ruptura que supón a expulsión dos membros marxistas do Consello da Mocidade (1963-1964), que daría lugar á fundación da Unión do Povo Galego, como organización explicitamente marxista coa liberación nacional como obxectivo. Esta ruptura dunha organización xuvenil que trataba de ser un instrumento máis do proxecto galeguista de Galaxia e que era seguida de preto polo propio Piñeiro. Esta ruptura entre dous grupos de mozos galeguistas ten como protagonistas actores culturais da relevancia de Xosé Luís Méndez Ferrín do lado da organización revolucionaria ou Arcadio López-Casanova, dentro do núcleo máis próximo á social-democracia anti-marxista defendida desde o piñeirismo. O feito de que algúns dos membros expulsados tivesen un historial de tensións editoriais con Galaxia no marco das innovacións propostas pola chamada Nova Narrativa acentúa a dimensión literaria da ruptura, que se manifestará tamén en distintos medios culturais da época.

² En 1962, en datas próximas a unha dura crítica de Carvalho Calero a *O crepúsculo e as formigas* de Méndez Ferrín, Piñeiro escribíalle: “Comparto plenamente as consideracións que fas tocante o desequilibrio que se bota de ver nas nosas letras, demasiado entregadas ás correntes ultrapirenaicas e pouco arraizadas no chan galego. Confío en que non pasará de ser unha simpática petulancia xuvenil da nosa cultura, sin chegar a se converter en doenza crónica. Mais tamén me parece moi san e comenente que os que temos algunha responsabilidade no decorrer actual da nosa cultura nos preocupemos de tal fenómeno no que ten de aberrante. As tuas observacións son moi diñas de seren meditadas [...] (Alonso Girgado *et al.*, 2004: 50-51)

En segundo lugar, a aparición da etiqueta “Nova Narrativa” en 1965, nun artigo asinado por Xan Sucasas na revista *Vieiros* (Sucasas, 1965) e referido particularmente ás recentes novelas de Méndez Ferrín e María Xosé Queizán³. A definición toma a Nova Narrativa como un fenómeno con dous momentos. Do primeiro formaría parte Gonzalo Rodríguez Mourullo e do segundo, os dous autores sinalados, que nese momento experimentan cunha influencia explícita do *Nouveau Roman* francés. Da mesma forma, neste segundo momento menciónanse tamén figuras como a de Camilo Gonsar ou a do, aínda inédito, Carlos Casares.

Finalmente, o artigo que en 1966 asina Méndez Ferrín na revista *Presencia* de Girona (Méndez Ferrín, 1966: 6) no que analiza o estado da cuestión en relación á Nova Narrativa galega, realizando unha auto-crítica á paradoxal situación de que, se por unha banda refugaban dun imaxinario esencialista e anquilosado no pasado, por outra, a aposta por unha literatura altamente intelectualizada os afastaba do público popular. Entre as posibilidades que cifran o futuro da literatura galega, o autor ourensán reconece explicitamente os modelos da emigración (Eliseo Alonso, Xosé Neira Vilas e Eduardo Blanco Amor) e a posibilidade dunha novela con intención social como a que estaba ensaiando Manuel María. Da mesma forma conta, como parte da Nova Narrativa, a un (aínda inédito) Carlos Casares.

Neste contexto é no que se produce a iniciación editorial de Casares. Non cabe dúbida de que o seu punto de vista e a súa capacidade de escolla permítenlle valorar máis modelos, posibilidades e implicacións para o seu proxecto literario que os que tiveron as persoas que practicaron a narrativa en galego nos anos previos. Entre estas posibilidades está a importancia da cuestión do público, algo que o autor destacará en relación a *Vento ferido* anos despois:

[...] *Vento ferido* nace un pouco como resposta ao mito-Mourullo, que entón estaba moi de moda. Todo o mundo falaba de Mourullo. Eu lín *Memorias de Tains*, que é do 57, e non me convencéu. Vin que dificultaba moito o contacto cos lectores, que pra min debe

³ *Arrabaldo do norde* (1964) e *A orella no buraco* (1965), respectivamente, ambas parte da colección Illa Nova de Galaxia.

ser sempre condición esencial á literatura, vía que a súa lectura era máis un esforzo da vontade, unha obriga moral que se impuña a sí mesmo o lector que un placer (Freixanes, 1976: 284).

O papel de *Vento ferido* será rapidamente instrumentalizado como un elemento de oposición á etiqueta creada en 1965. Unha das primeiras críticas que recibe está asinada por Arcadio López-Casanova, non por acaso, a persoa que puxera, anos antes, en contacto ao autor con Ramón Piñeiro.

[...] o feito representaba un tentador perigo no que desgraciadamente viñeron caer outros escritores da súa mesma xeneración. Nunha palabra: foise establecendo unha “escola mimética” que non se limitou a recoller as innovacións técnicas —enfoque, construción, expresión—, sinón que, amais, fixo seu o mundo deses escritores-modelo (hasta desembocar na simple imitación do ouxetivismo), cando o certo é que, como agudamente suliñou hai tempo Ramón Piñeiro, ise mundo non podería corresponder nunca a unha auténtica cosmovisión do home galego [...] entre outras cousas porque a imaxe que se nos amosa, pra nada i en nada é coincidente ca imaxe espritoal, co “talante” que se nota de vez na nosa comunidade” (López-Casanova, 1967: 5).

Outras críticas como a de Xavier Carro (1967: 14) ou a de Xan López Facal (1967: 14; esta última en *Grial*, medio de Galaxia) inciden respectivamente en elementos como o seu achegamento ao lirismo ou a identificación cunha verdadeira realidade galega, aspectos que formaban parte do corpus ideolóxico e filosófico co que Galaxia construíra o seu proxecto e onde radicaban as principais críticas ás voces da Nova Narrativa. Esta tentativa de traer a narrativa dun novo valor á órbita de Galaxia é coherente con outras relecturas que neses anos o corpo crítico próximo á editora realizará sobre literaturas novas. Entre varias posibilidades, podemos deternos no prólogo que Salvador Lorenzana (Francisco Fernández del Riego) fai para *Xente no rodicio* de Xosé Neira Vilas, no ano 1965: “amosa, como narrador, unha enteira fidelidade ás esenciais da súa casta; pero, claro está, sintonizando o pulo da creación co ritmo do tempo que lle tocou vivir”. (Neira Vilas, 2001: 13). Se a postura de Galaxia se relacionase previamente cunha sorte de “terror da historia” tomado do pensamento de Mircea Eliade (Regueira, 2016: 406), na que o mundo contemporáneo era unha sorte de realidade degradada dun pasado idealizado nas esenciais, a mediados dos

sesenta as novas circunstancias políticas promoven unha mudanza. Desta forma, as esencia, a casta e a cosmovisión galega seguen sendo vitais á hora de valorar as propostas literarias, pero ábrese a posibilidade de introducir o tempo actual e as novas técnicas narrativas, unha moderación na que tamén habería que valorar o estado das obras individuais e a relación coa editora dos que foran os referentes durante os anos cincuenta e parte dos sesenta: Cunqueiro e Fole. Consciente ou inconscientemente, este novo modelo recoñecido en Casares ten moitos elementos en común co que figuras como Eduardo Blanco Amor ou o propio Neira Vilas estiveran facendo na emigración: técnicas innovadoras da literatura contemporánea internacional sen perder de vista a realidade galega, dous elementos que no seu momento serviran para tomalos con certo escepticismo desde a Galiza territorial por ser contrarios ao tradicionalismo imaxinativo de Galaxia (Alonso Nogueira, 2009: 28) e que, en certa medida xa estaban sendo ensaiados timidamente por autores como Méndez Ferrín⁴.

Proba da importancia que *Vento ferido* ten na segunda parte dos anos sesenta é que en 1969, paralelamente á aparición da segunda obra do seu autor, aínda merece un estudo crítico en *Grial* por parte de Camino Noia Campos (1969: 98-100), no que se destaca unha dimensión social realista que non precisa do simbólico e se reafirma a súa pertenza á Nova Narrativa, sinal de en que medida a etiqueta fixera fortuna en tan pouco tempo. Esta vivencia de *Vento ferido* contrasta coa escasa atención que ten, sinaladamente desde os medios da editora, a súa novela *Cambio en tres* (1969), unha tentativa que, tomando a mesma mestura de elementos sociais e vangarda narrativa da súa primeira obra, dá nun produto máis complexo e no que o elemento experimental destaca sobre os valores que a crítica próxima a Galaxia identificara con lirismo e apego á terra. O propio autor acabaría por abxurar, poucos anos despois, desa obra (Freixanes, 1976: 285).

Na propia lectura do autor deste momento histórico aparece unha escolla de influencias sutil e con afán sincrético. Sen renegar da puxanza de Franz Kafka ou William Faulkner, que en certa medida marcaran as primeiras obras da Nova Narrativa, Casares menciona (Freixanes, 1976: 284) entre

⁴ Sería o caso dalgúns dos relatos de *O crepúsculo e as formigas* (1962), duramente criticada por Ricardo Carvalho Calero.

os seus modelos autores como Vasco Pratolini ou Cesare Pavese, un autor capaz de combinar as técnicas do neorrealismo cun fondo lírico, ou Albert Camus, escritor non por acaso enfrontado ideoloxicamente en máis dunha ocasión con Jean-Paul Sartre por temas relacionados coa cuestión nacional. Desta forma, a primeira etapa do autor está caracterizada por unha actitude que sabe facer fronte simultaneamente ás dúas grandes correntes enfrontadas na Galiza territorial: por unha banda abraza o compromiso artístico que supón a literatura contemporánea, dirixida conscientemente a un público minoritario. Por outra, renega (case simultaneamente que os seus coetáneos) á redución ao mínimo do subcampo de produción restrinxida que rozaba o elitismo intelectual e convertía as figuras produtoras en practicamente o seu único público. Esta dupla estratexia evita, tanto o público obxectivo procurado por Galaxia nos anos previos (centrado na burguesía), como o papel de alegoría nacional que a editora daba a unha literatura que tiña, como primeiro obxectivo, representar as esenciais identitarias galegas (Piñeiro, 1956; 1959). A acción de Casares, no contexto dunha práctica literaria afastada da gran produción, pode lerse como un exercicio de autonomía individual, sendo capaz de procurar unha alternativa creativa aos seus coetáneos sen a necesidade de caer nun programa ideolóxico editorial que, a pesar de estar sendo revisado naquela altura, seguía a ser escéptico ante determinadas innovacións.

A cuestión fundamental á hora de analizar a obra narrativa de Carlos Casares é, porén, a súa actitude ante o subcampo de produción ideolóxica. O autor comeza, a principios dos anos setenta, un longo traxecto de evolución ideolóxica que o afasta da militancia nun anti-franquismo revolucionario a perspectivas máis moderadas (Calvo, 2003), unha mudanza que vai acompañada dun paulatino recoñecemento dentro das incipientes institucións culturais galegas. En 1975, Carlos Casares publica *Xoguetes para un tempo prohibido*, unha obra liminar que aínda pode ser lida en termos continuístas coas anteriores. O feito de gañar o Premio Galaxia, que conmemora o 25 aniversario da editora, funciona como un elemento canonizador ao que seguirá moi axiña, o seu ingreso na Real Academia Galega en 1978. Paralelamente á súa obra narrativa, Casares comeza nos anos setenta unha serie de monografías para Galaxia, a maior parte delas acabarán encadradas na colección Conciencia de Galicia e non verán a luz até a os anos oitenta. Curros Enríquez, Otero Pedrayo e Vicente Risco

inician unha tarefa de respaldo a figuras canonizadas polo proxecto editorial de Galaxia, tarefa que se ve complementada pola súa participación na preparación dun libro de entrevistas con Cunqueiro que se truncharía coa morte do mindoniense en 1981, así como coa edición de *Conversas con Anxel Fole* en 1984. Esta boa posición dentro de Galaxia fai que chegue a desprazar a figuras históricas da editora como Francisco Fernández del Riego (Fernández del Riego, 2003: 228-229), ao tempo que acumula cargos como a dirección de *Grial* ou da propia editorial a final dos anos oitenta, unha década na que comeza tamén unha carreira política que o leva a formar parte, como personalidade estratéxica do Parlamento Galego. Esta posición vese reforzada co pasamento de Ramón Piñeiro en 1990, ao tempo que converte o autor ourensán no organizador das súas memorias, colaborando á súa memoria co volume *Ramón Piñeiro, unha vida por Galicia* (1991). O autor acaba por ser así un firme defensor e continuador do legado ideolóxico de Galaxia.

A participación de Casares nos entes responsábeis do subcampo de produción ideolóxica (Figuerola, 2001; 2010; 2015: 150-151) podería supoñer unha ameaza para unha autonomía individual exercida fundamentalmente durante o seu papel como autor nos anos sesenta. A pesar disto, e de que a participación de Casares nunha entidade de poder político e editorial como Galaxia implica servidumes innegábeis, como a súa propia participación apoiando as figuras canónicas da editora co seu traballo ensaístico, o xuízo que nos merece o seu papel como narrador consegue sobordar estas cuestións. Casares aborda, a partir de 1975, unha obra profundamente afastada dos postulados clásicos de Galaxia. Non hai un regreso ao ruralismo de Otero Pedrayo, nin se rescata a postura esencialista que Piñeiro tomaría do primeiro Risco. Tampouco Cunqueiro e Fole, a pesar do traballo persoal con eles, chegan a ser algo máis que pequenas referencias nun proxecto literario que segue loitando por manter unha voz individual e independente.

Fronte ao “terror da Historia” do primeiro piñeirismo e a refutación xeral de todo o que tivese que ver coa memoria da Guerra Civil, a obra de Carlos Casares decide seguir explorando un camiño propio. Moi polo contrario, aínda que de forma un tanto lúdica, a Historia pasa a ser unha das preocupacións do Casares narrador desde *Os escuros soños de Clío* (1979), formalizando o problema da irrupción da técnica nas sociedades tradicionais

en *Ilustrísima* (1980), até abordar a cuestión da represión durante a guerra en *Os mortos daquel verán* (1987) e a posguerra en *Deus sentado nun sillón azul* (1996). Por outra parte, non existe en ningunha desas obras unha obriga de facer da literatura unha alegoría nacional que poñer ao servizo dunha ideoloxía determinada, da mesma forma que non se enxalza un mundo rural que sería espello da alma orixinaria da Galiza.

Nese sentido, e desde unha perspectiva xeral, podemos dicir que Casares conseguiu avanzar contra o vento desde o comezo da súa carreira, conseguindo abrirse paso cun modelo sincrético formado por aqueles que se enfrontaban no momento do seu debut editorial. En que medida Casares se libera dun subcampo de produción ideolóxica como o do primeiro piñeirismo (e en menor medida, o do marxismo revolucionario galeguista), para acabar formando parte dunha maquinaria ideolóxica distinta, é unha tarefa que precisaría dunha análise máis minuciosa do seu papel, tanto como editor, como na política. Non cabe dúbida de que o seu aliñamento cunha proposta lingüístico-normativa, institucional e editorial que pulou por construír unha nova normalidade na cultura galega, transformando os eixes da súa política cultural e da súa propia memoria, lle procurou un lugar baixo o sol que lle era negado a moitas outras persoas. Se cadra baixo el, o autor atopou o lugar no que construír a súa propia independencia e prestar servizo a un campo literario colectivo que porén, non deixaba de ser impugnado na súa natureza concreta, non só externa, senón tamén internamente.

M. R.

Bibliografía

- Alonso Girgado, Luís, María Cuquejo Enríquez e Carmen Fariña Miranda (eds.) (2004): *Cartas de Ramón Piñeiro a Ricardo Carballo Calero, Cadernos Ramón Piñeiro V*, [Santiago de Compostela] Xunta de Galicia: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- Alonso Nogueira, Alex (2009): “Blanco Amor e a constitución do campo literario galego durante os anos de Galaxia”, *Grial*, 184, pp. 28-35.
- Bourdieu, Pierre (2004): *O campo literario*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.
- Calvo, Tucho (2003): *Carlos Casares: O conto da vida*, A Coruña: La Voz de Galicia.

- Carro, Xavier (1967): “La densidad lírica de la prosa de Carlos Casares”, *La Noche*, 6 de abril, p. 14.
- Casares, Carlos (1965): “Narraciós”, *Grial*, 7, pp. 48-55
- _____ (1967): *Vento ferido*, Vigo: Galaxia.
- _____ (1969): *Cambio en tres*, Vigo: Galaxia.
- _____ (1984): *Conversas con Ánxel Fole*, Vigo: Galaxia.
- _____ (1996): *Deus sentado nun sillón azul*, Vigo: Galaxia.
- _____ (1998): *Un país de palabras*, Vigo: Galaxia.
- _____ (2002): *O sol do verán*, Vigo: Galaxia.
- _____ (2004): *Conciencia de Galicia: Risco, Otero, Curros: tres biografías*, Santiago de Compostela; Vigo: Fundación Caixa Galicia; Galaxia.
- _____ (2004): *Os mortos daquel verán*, Vigo: Editorial Galaxia.
- _____ (2005): *Ramón Piñeiro: unha vida por Galicia*, Vigo: Editorial Galaxia.
- _____ (2006): *Os escuros soños de Clío*, Vigo: Editorial Galaxia.
- Casares, Carlos e Álvaro Cunqueiro (1981): “Leria con Álvaro Cunqueiro”, *Grial*, 72, pp. 202-209.
- Fernández del Riego, Francisco (2003): *Camiño andado*, Vigo: Editorial Galaxia.
- F. Freixanes, Víctor (1976): *Unha ducia de galegos*, Vigo: Galaxia.
- Figueroa, Antón (2001): *Nación, literatura, identidade: Comunicación literaria e campos sociais en Galicia*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- _____ (2010): *Ideoloxía e autonomía no campo literario galego*, Brión: Laiovento.
- _____ (2015): *Marxes e centros. Para unha socioloxía do campo cultural*, Brión: Laiovento.
- Forcadela, Manuel (1993): *Manual e escolma da nova narrativa galega, Literatura e crítica*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- García-Bodaño, Salvador, Arcadio López-Casanova, Xohana Torres e Carlos Casares (1963): “Poemas a Rosalía”, *Grial*, 1, pp. 96-101.
- López-Casanova, Arcadio (1967): “Vento ferido, de Carlos Casares”, *El Progreso*, 4 de xuño, p. 5.
- López Facal, Xan (1967): “Un acercamento a ‘Vento Ferido’”, *Grial*, 16, pp. 252-253.
- Méndez Ferrín, Xosé Luís (1966): “Nueva Narrativa y compromiso social”, *Presencia*, 14 de maio, p. 6.

- Neira Vilas, Xosé (2001): *Xente no rodicio: contos*, Vigo: Galaxia.
- Noia Campos, María Camino (1969): “‘Vento ferido’: que representa o libro de Casares na prosa galega contemporánea”, *Grial*, 23, pp. 98-100.
- _____ (1992): *A nova narrativa galega*, Vigo: Galaxia.
- Piñeiro, Ramón (1956): “Carta a Daniel Cortezón Álvarez” en Daniel Cortezón, *As covas do Rei Cintolo*, Vigo: Galaxia, pp. 11-26.
- _____ (1959b): “Factores esenciaes de la literatura gallega”, *Ínsula*, 152-153, p. 13.
- Regueira, Mario (2016): *A narrativa na reconstrución co campo literario de posguerra. Repertorios e imaxinario nacional no proxecto de Galaxia*. Tese de doutoramento dirixida por Arturo Casas Vales, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Salinas Portugal, Francisco (1988): “A ‘Nova Narrativa’ galega” en Ricardo Carvalho Calero *et al.*, *A nosa literatura: unha interpretación para hoxe*, A Coruña: A. C. “Alexandre Bóveda”, vol. II, pp. 29-45.
- Sucasas, Xan (1965): “María Xosé Queizán na Nova Narrativa Galega”, *Vieiros*, 3, [s/p].
- Tarrío, Anxo (2003): “A obra narrativa de Carlos Casares”, *Revista Galega do Ensino*, 38, febreiro, pp. 15-25.